

**BOLETÍN INFORMATIVO N° 1**  
**DECEMBRO DE 2015**



Queridos veciños/as, como prometemos durante a campaña electoral publicamos hoxe o noso primeiro boletín informativo, reflexo do traballo realizado dende a nosa entrada na oposición municipal e en resposta ó compromiso acadado cos nosos votantes e con tódolos veciños/as do Irixo.

**Polos Veciños** comprometémonos, o día da presentación da nosa candidatura electoral, a estar a disposición do pobo, conseguir melloras para o Concello e dar servizos e oportunidades a todos os habitantes do Irixo por igual, sen discriminación.

Non é unha tarefa fácil xa que constantemente atopámonos cun gran muro "o goberno local", que dito sexa de paso, cada vez que hai pleno non aporta ideas nin melloras para O Irixo senón que se limita a responder as propostas presentadas dende a oposición.

Queremos que os nosos veciños/as teñan coñecemento de que **todos os concelleiros/as do Partido Popular** solo asisten os plenos para votar conforme o que se lle indica dende a alcaldía e en contra das propostas da oposición, sendo isto o único que aportan a xestión do Concello.

**Polos Veciños** considera que todo aquel que foi elixido como representante dos veciños e veciñas do Irixo no pleno municipal, por que así o quixeron estes co seu voto, **ten o deber e a obriga**, de traballar por conseguir melloras para a poboación do concello, sen que isto este motivado por recibir un soldo con cargo o presuposto municipal.

O primeiro pleno ó que asistimos foi, só e exclusivamente, para aprobar coa maioría de votos do Partido Popular os soldos do equipo de goberno. Aprobación rexeitada rotundamente polos grupos da oposición, que consideran un abuso tres soldos a cargo do presuposto municipal. Ante este feito a oposición non pode facer nada máis por estar en minoría.

¿Quen nos ía dicir que en menos de 6 meses todo isto podía cambiar?

O Excelentísimo Señor Alcalde D. Manuel Penedo Paradela, a día de hoxe, (ninguén nos asegura que isto non poida variar) vai ter unha dedicación parcial pero mantendo íntegras as súas retribucións de **1.995,95 euros** ó mes, é dicir vai **cobrar o mesmo por estar a metade de tempo no Concello.**

Idéntica situación ca do Tenente de Alcalde, D. Manuel Cerdeira Lorenzo, ó que xa se lle reducira a xornada anteriormente pero **sen recortar nada as súas retribucións de 1.263,48 euros o mes.**

A día de hoxe a todo este abuso hai que sumar unha terceira dedicación parcial da nova Concelleira de Cultura Dna. M<sup>a</sup> José Villanueva Dejuane, que pasará a cobrar con cargo ó presuposto municipal **800 euros** ó mes.

O seguinte punto importante que se tratou nos plenos foi a moción polo peche da biblioteca municipal, e que **Polos Veciños** levaba no seu programa electoral.

No ano 2011 fíxose unha reforma da biblioteca cunha inversión de 41.412,50 euros, pola empresa "*Construcciones Benigno Alvarez, S.L.*". Despois de todo este gasto no ano 2014 procedeuse ó peche definitivo da mesma.

Non pedimos nada novo, só o restablecemento dun servizo co que este Concello xa contaba e que como moitas outras cousas, grazas á desidia dos nosos gobernantes se botou a pique.

Unha biblioteca de calidade e cun persoal preparado que atraia con actividades, a nenos/as e adolescentes despertando neles o interese pola lectura e a cultura.

Os adultos que estudamos no colexio do Irixo sempre recordaremos con ledicia aquelas visitas semanais á biblioteca do concello, onde se nos atendía con paciencia e sobre todo con cariño, aconsellando o mais adecuado a cada idade ou inquietude persoal.

O pleno aprobou as medidas propostas polos grupos da oposición para protexer o fondo bibliográfico, que ata ese momento estaba pegado nas fiestras da biblioteca, e contratar persoal cualificado para facerse cargo da mesma.

A resposta do señor Alcalde a esta demanda foi a creación dunha polémica Concellería de Cultura que lle permitía solucionar por un lado, o problema de ilegalidade do cobro de un soldo de 440 euros ó mes por Dna M<sup>a</sup> José Villanueva Dejuane. Este soldo, segundo o Informe de Legalidade solicitado polos grupos da oposición ó secretario municipal **"É ILEGAL"**. Por outro lado asígnalle o posto de bibliotecaria á nova Concelleira de Cultura, é dicir, no concello do Irixo **convértense postos de traballo de carácter laboral en postos políticos**, sen ter en conta os requisitos formativos cos que poidan contar moitos rapaces e rapazas do Irixo, que se lles nega o dereito a acceder en igualdade de condicións a un posto de traballo. O único que se ten en consideración é a conveniencia persoal do Alcalde e os Concelleiros/as do Partido Popular que co seu voto a favor no pleno fomentan o **AMIGUISMO**.

Esta agrupación veciñal cre que ditos postos de traballo DEBEN ESTAR NAS MANS DE VECIÑOS/AS COA FORMACIÓN AXEITADA, non de CONCELLEIROS/AS ESCOLLIDOS A DEDO, porque senón dentro de pouco veremos a algún concelleiro/a de obras poñendo beirarrúas.

Dende esta agrupación veciñal asumimos o compromiso de traballar en conxunto polos nosos veciños/as, como aconteceu a raíz do incendio do día 29 de xuño de 2015 que asolou montes privados e comunais das parroquias de Santa Eulalia de Reádegos e Santiago de Corneda. Esta agrupación viuse sorprendida polos escasos medios cos que contaba o Concello para facer fronte a estas situacións, cando é por todos coñecido que o Irixo se atopa nun nivel elevado de risco de incendio.

***Polos Veciños***, ante as recorrentes sospeitas veciñais de que a causa do lume podía residir no paso de un tren de *Renfe*, instou ó concello a solicitar investigacións policiais, mediante un escrito presentado no rexistro municipal, para así poder esclarecer as circunstancias que causaron o incendio, porque de resultar certas, os afectados poderían ter dereito a indemnizacións.

Este escrito motivou que días despois dende o Concello se ditara un bando municipal para informar destas circunstancias ós veciños/as.

Aproveitamos para recordar a todos aqueles veciños/as afectados que presentaran documentación no concello, se informen sobre o estado de tramitación da mesma.

Tocante ó gasto municipal é hora de falar do tan recorrente superávit de 200.000 euros, do que o señor Alcalde non deixou de vangloriarse durante a campaña electoral. Segundo as últimas explicacións dadas polo equipo de goberno, ese superávit é en realidade débeda do Concello á que hai que sumar outros 50.000 euros de crédito aprobado no último pleno, co único apoio dos Concelleiros/as do Partido Popular.

Agora a pregunta que cabe facerse é: ¿Por que promete o señor Alcalde ós veciños en campaña electoral arranxar tres capelas? Pena da Sela, San Roque da Esfarrapa e Orros, así como negociar co bispado a cesión do campo da festa de Santa María do Campo, cando de antemán se sabe que o Concello non pode dispor dese diñeiro.

Sen dúbida, tódolos veciños/as son capaces de comprender que as súas promesas eran unicamente coa intención de gañar votos.

Como vedes o noso Concello é unha caixa de sorpresas, pero non queremos que pensedes que non estamos a facer o noso traballo. Seguimos coa mesma ilusión có primeiro día aínda que nos poñan a "*zancadilla*" unha e outra vez.

Quedan temas moi importantes que tratar: velorios, arranxos de estradas e capelas, axudas ós nosos maiores, postos de traballo para os nosos veciños/as,... por iso queremos que este sexa o primeiro de moitos boletíns nos que vos informemos do que está acontecendo no noso Concello.

Así mesmo queremos recordaros que estamos á vosa disposición tanto para escoitar suxerencias como para invitarvos a participar das nosas reunións.

**¡POLOS VECIÑOS despídese cos mellores desexos para o vindeiro ano 2016!**



**PV**  
**Polos Veciños**